

ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/29	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	15 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:28 ata as 13:36 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	NON
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Ratificación da urxencia da convocatoria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de	

**Concello de Silleda**

organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Expediente 721/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. REHABILITACIÓN E ADECUACIÓN FUNCIONAL DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

**ANTECEDENTES:**

1º.-Consta no expediente 721/2023 de este Concello, autorización de Don **ALFONSO SALGUEIRO GONZÁLEZ**, titular do Documento Nacional de Identidade XXXXXX a Don Alfredo Varela Nogueira, Arquitecto, titular do Documento Nacional de Identidade 33.262.691-E, para a representación nos trámites referentes á **solicitude de licenza urbanística** para a **Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar** sita no Lugar de Lourás s/n. Polígono 507 Parcela 553, Silleda (Referencia catastral 36052C507005530000TU)).

2º.- Consta no expediente a seguinte documentación aportada o 18 de abril de 2023, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-435:

-“PROYECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN Y ADECUACIÓN FUNCIONAL DE VIVIENDA UNIFAMILIAR AISLADA”, asinado o 18 de abril de 2023 polo Arquitecto Alfredo Varela Nogueira, de ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L.P., nº de Colexiado 20040/2140.

-Oficio de Dirección de obra no que se nomea a Don Alfredo Varela Nogueira.

-Memoria urbanística.

-Estadística de construción de edificios.

-Escritura notarial de Declaración de obra nova, ante o Notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego, asinada o 3 de agosto de 2023, número de protocolo novecentos setenta.

-Copia do DNI do interesado.

3º.- Con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-687 neste Concello, na data de 6 de xuño de 2023 preséntase a seguinte documentación:

- consta de novo a autorización de Don Alfonso Salgueiro González a Don Alfredo Varela Nogueira.
- consta "MEMORIA URBANÍSTICA (modificada), asinada o 6 de xuño de 2023 por Don Alfredo Varela Nogueira.
- consta plano de situación no PXOM.

4º.- Con data 13 de xuño de 2023 a Arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, emite informe no que pon de manifesto unha serie de deficiencias que deberán ser corrixidas. As conclusións do informe da Arquitecta técnica transcríbese a continuación:

**"CONCLUSIÓN:**

*Unha vez analizada a documentación achegada, conséntase unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir a interesada, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:*

*1.En relación aos servizos públicos, deberá aclararse, definirse e acompañar a documentación necesaria respecto do servizo de abastecemento e de saneamento de augas: de si se trata dunha conexión existente ou nova a executar, dado a discrepancia detectada en proxecto coa información recollida na normativa do PXOM. Valoración económica no caso de necesaria realización de obras de acometida e afección e reposición do espazo público para a conexión cos servizos públicos existentes no núcleo, co fin de imposición das garantías para o cumprimento desta obriga nos termos do art. 24.3da LSG. No caso de emprego de medios individuais (construción de pozo ou fosa séptica non estanca), deberá acompañarse a correspondente autorización por parte do servizo correspondente de Augas de Galicia.*

*2.A parcela está incluída na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas. (Artigo 275 das normas urbanísticas do PXOM).*

*3.Necesaria incursión no proxecto do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde das obras, en virtude dos art. 4 e 17 do RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.*

*O que se informa aos efectos oportunos.  
Pontevedra, na data da sinatura dixital  
A arquitecta técnica  
Verónica Chaves González"*

5º.- O 15 de xuño de 2023, con rexistro de saída neste Concello nº 2023-S-RE-609, consta enviado o requirimento para emendar as eivas que presentaba a documentación.

6º.- Consta no expediente que o 27 de xuño de 2023, con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-784 neste Concello, achegouse a seguinte documentación:

- autorización de Don Alfonso Salgueiro González a Don Alfredo Varela Nogueira.
- plano de conexións.
- pre-solicitude na Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas.

7º.- Consta no expediente Acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas de data 23 de agosto de 2023, polo que se autoriza a rehabilitación da vivenda e o uso de grúa móbil.

8º.- Consta **informe favorable** da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 26/08/2023.

O informe favorable da arquitecta transcríbese a continuación:

**“EXPEDIENTE: 721/2023**

**ASUNTO: REHABILITACIÓN E ADECUACIÓN FUNCIONAL DE VIVIENDA UNIFAMILIAR ILLADA**

**SITUACIÓN: Lugar Lourás s/n. Polígono 507 Parcela 553, Silleda (Referencia catastral 36052C507005530000TU)**

**SOLICITANTE: ALFONSO SALGUEIRO GONZÁLEZ**

**TÉCNICO: ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L.P./ALFREDO VARELA NOGUEIRA. Sociedade e arquitecto colexiados 20.040/2.140 COAG.**

*Informe técnico que se emite en continuidade de tramitación do presente expediente.*

### **1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana*

### **2. ANTECEDENTES:**

1. Remítese aos do expediente administrativo.

2. O 13.06.2023 emítase informe técnico requirindo a emenda de aspectos relacionados coa solicitude de licenza de obra, notificándose aos interesados.

3. Con rexistro de entrada 2023-E-RE-784 do 27.06.2023 preséntase nova documentación por parte do técnico redactor en representación da solicitante, co fin de emendar as deficiencias requiridas. Recíbese posteriormente da presolicitude acompañada resolución de autorización.

### 3. INFORME:

#### 3.1. Aspectos requiridos a emendar:

Analízase a continuación a presentación da documentación requirida:

1. En relación aos servizos públicos, deberá aclararse, definirse e acompañar a documentación necesaria respecto do servizo de abastecemento e de saneamento de augas: de si se trata dunha conexión existente ou nova a executar, dado a discrepancia detectada en proxecto coa información recollida na normativa do PXOM. Valoración económica no caso de necesaria realización de obras de acometida e afección e reposición do espazo público para a conexión cos servizos públicos existentes no núcleo, co fin de imposición das garantías para o cumprimento desta obriga nos termos do art. 24.3da LSG. No caso de emprego de medios individuais (construción de pozo ou fosa séptica non estanca), deberá acompañarse a correspondente autorización por parte do servizo correspondente de Augas de Galicia.

Acompañan plano 01 de conexións a redes públicas municipais existentes, representando existencia de redes e punto de conexión.

2. A parcela está incluída na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas. (Artigo 275 das normas urbanísticas do PXOM).

Ten entrada resolución de autorización por parte de AESA do 23 de agosto de 2023 de autorización de obras para rehabilitación e disposición de grúa no ámbito de referencia relativo o presente expediente.

3. Necesaria incursión no proxecto do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde das obras, en virtude dos art. 4 e 17 do RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

*Non acompaña. Deberá incluírse no correspondente proxecto de execución que se deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no informe técnico emitido o 13.06.2023, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a rehabilitación e adecuación funcional da vivenda unifamiliar illada existente, sita no Lugar de Lourás s/n. Polígono 507 Parcela 553, Silleda (Referencia catastral 36052C507005530000TU)), de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado por ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L.P./ALFREDO VARELA NOGUEIRA. Sociedade e arquitecto Colexiados 20.040/2.140 COAG, sempre que se observen as seguintes condicións:*

*1. Para a execución da obra civil necesaria para a conexión ás redes de servizos públicos que afecten ao dominio público municipal deberá solicitarse a correspondente autorización, debendo ser supervisada a conexión polos servizos técnicos municipais e pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas. Unha vez rematadas estas obras, deberanse repoñer tódalas pavimentacións afectadas ao seu estado orixinal.*

*2. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.*

*3. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras, este deberá incluír o correspondente Estudo de seguridade e saúde das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro). Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes.*

*O que se informa aos efectos oportunos.*

*Pontevedra, na data da sinatura dixital*

*A arquitecta técnica*

*Verónica Chaves González”*

**9º.-** Consta informe xurídico da Secretaria municipal asinado o 15 de setembro de 2023.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

#### **PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS**

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

## **SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA**

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

**a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.**

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos

*de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.*

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

*"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.*

*b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.*

*c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."*

**TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS** (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.



Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o *Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.*

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

**CUARTO.-** Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a

competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Don **ALFONSO SALGUEIRO GONZÁLEZ**, licenza para a **Rehabilitación e Adecuación funcional de Vivenda Unifamiliar illada existente**, sita no Lugar de Lourás s/n. Polígono 507 Parcela 553, Silleda (Referencia catastral 36052C507005530000TU)), de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado por ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L.P./ALFREDO VARELA NOGUEIRA; documentación que deu lugar ó informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, na data 26 de agosto de 2023, en relación co informe anteriormente emitido o 13 de xuño do mesmo ano.

**SEGUNDO.-** A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condicións:

1. Para a execución da obra civil necesaria para a conexión ás redes de servizos públicos que afecten ao dominio público municipal deberá solicitarse a correspondente **autorización**, debendo ser supervisada a conexión polos servizos técnicos municipais e pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas. Unha vez rematadas estas obras, deberanse repoñer tódalas pavimentacións afectadas ao seu estado orixinal.

2. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, **non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada** (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.

3. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é **obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación**, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras, este deberá incluír o correspondente **Estudo de seguridade e saúde** das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro). Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os **nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes.**

**TERCEIRO.-** O interesado deberá aboar as taxas e impostos correspondentes.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

**Expediente 1895/2018. Licenza ou Autorización Urbanística. AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN**

**AVÍCOLA****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Visto que** no ámbito do expediente número 1895/ 2018 e con data 10 outubro de 2019 sería concedida licenza urbanística a VILGAR S.C. para a realización da actuación de AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado pola enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

**Visto que** con data 29 de decembro de 2022, a interesada presentou escrito no Rexistro de entrada de este Concello a solicitude de devolución do ICIO e das taxas por non ter realizada a obra.

**Visto que** por parte do Arquitecto municipal realízase visita de comprobación onde efectivamente se observa que non se levou a cabo a obra para a que se solicitaba a licenza. Consta informe asinado por Lino M. Doporto Framil na data 11 de abril de 2023.

**Visto que** con data 11 de setembro de 2023, a interesada presentou escrito no Rexistro desta Entidade Municipal no que pon de manifesto a súa vontade de renuncia á licenza de referencia tendo en conta que non se vai a proceder á construción referida.

**Considerando** que a normativa urbanística de aplicación, conformada polo artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e os art. 10 a19 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística; nada concreta en torno ao particular procedemento a seguir; como tampouco o fai a normativa estatal de aplicación supletoria; convén ter en conta o *previsto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* ; preceptos os citados de conformidade cos cales a Administración aceptará de plano a renuncia e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros/as interesados/as, instasen estes/as a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da renuncia.

**Resultando** que segundo o artigo 91 do mesmo corpo legal, se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fora conveniente tratala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da renuncia ao/á interesado/a e seguirá o procedemento.

**Visto** o Informe emitido pola Secretaría municipal con data 12 de setembro de 2023 en relación co procedemento a seguir e normativa de aplicación respecto da tramitación do expediente de referencia.

De conformidade con canto antecede e en virtude da competencia que, en virtude das previsións do art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 81.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, corresponden á Alcaldía Municipal; competencias delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Decreto 2023-0524.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar de plano a renuncia formulada por Dna. María Asunción García Hernández, actuando en nome e representación de VILGAR S.C., con data 11 de setembro de 2023 en relación á licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local con data 10 outubro de 2019 para a realización da actuación de *ampliación* de explotación avícola no lugar de Outeiro, parroquia de Escuadro (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado pola enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

**SEGUNDO.-** Proceder á devolución do ICIO pola cantidade de 8.643,26 €.

**TERCERO.-** Dar traslado á Intervención e á Tesourería.

**CUARTO.-** Notificar aos interesados a presente resolución con indicación dos recursos de que a mesma é susceptible en Dereito.

**Expediente 1937/2020. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación).  
APROBACIÓN DA COMISION DE SEGUIMIENTO DO FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE  
EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que na sesión de Xunta de Goberno celebrada o 17 de agosto de 2023, foi adoptado acordo de aprobación das bases que desenvolverán o Regulamento de Réxime Interior aprobado para o Funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda

Visto que na Base V. Organización e estrutura, no seu apartado C, se indica que debe nomearse unha comisión de seguimento do funcionamento do viveiro:

*“C. SEGUIMIENTO DO VIVEIRO*

*O Concello de Silleda ostenta e desenvolve, a dirección da actividade do Viveiro de Empresas, para o que poderá adoptar cantas decisións sexan necesarias, incluíndo a posibilidade de concertar mediante convenios e contratos aquelas partes do seu funcionamento que considere que poden mellorar a eficacia e a eficiencia no seu funcionamento.*

*Constituirase unha Comisión de Seguimento formada polos seguintes membros:*

- O/a Alcalde/sa ou persoa en quen delegue*
- O/a Concelleiro/a de Industria do Concello de Silleda*
- 2 membros do persoal funcionario do Concello de Silleda que se nomearán ao efecto, actuando unha delas como secretaria*

*As súas funcións principais serán:*

- *Ditar as instrucións que estime procedentes para o bo uso das instalacións e servizos.*
- *Adaptar e actualizar a normativa do Viveiro no transcurso do tempo.*
- *Velar pola publicidade e o cumprimento das normas de funcionamento.*
- *Aprobar ás persoas beneficiarias do Viveiro, en cumprimento da normativa establecida, respectando os principios de igualdade e publicidade.*
- *Contratar os servizos e subministros comúns.*
- *Resolver calquera eventualidade que se produza no Viveiro.*
- *Poder establecer unha Comisión Técnica con carácter asesor.*

*Reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano e con carácter extraordinario cando sexa necesario.*

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Constituír a comisión de seguimento coas seguintes persoas:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medioambiente e promoción económica (inclúe industria)
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

**SEGUNDO.-** Comunicar o acordo as persoas designadas

**Expediente 1864/2022. Subvencións Directas ou Nominativas. APROBACIÓN DO NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA O PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO NO CONCELLO DE SILLEDA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que na sesión do Pleno da Corporación de data 26 de xaneiro de 2023, acordouse prestar aprobación as Bases do Programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda, ano 2023.

Visto que as anteditas Bases publicáronse, o 17 de febreiro, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 34

Visto que na Base 2ª Competencia e procedemento de tramitación, apartado 2.2, no que se indica que debe nomearse unha comisión de valoración:

*“Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un/ha Presidente/a, un/ha Secretario/a con voz pero sen voto e dous vogais.*

*A Concellería de Emprego será a encargada da instrución das solicitudes e, a vista do expediente e*

*do informe da Comisión de valoración, emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.”*

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Constituír a comisión de valoración coas seguintes persoas:

- Alcalde de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, ou persoa en quen delegue
- Paula María Fernández Pena, Concelleira de Xestión urbana, Medioambiente e promoción económica (inclúe industria)
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL do Concello de Silleda
- Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal que actuará como secretaria.

**SEGUNDO.-** Comunicar o acordo as persoas designadas

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**